



PREMIO “JOSÉ CASTIÑEIRA” DE HUMANIDADES

O ORFEÓN LUGENSE, en colaboración coa Diocese de Lugo, a Catedral lucense, e a familia do seu fundador, José Castiñeira Pardo, convoca a primeira edición do **PREMIO DE HUMANIDADES “JOSÉ CASTIÑEIRA”** para honrar a persoas ou institucións que, pola súa traxectoria, disposición e entrega, se distinguan no seu labor humanístico, nas artes ou nas letras, a prol da convivencia social e na mellora das relacións humanas, seguindo o exemplo de traballo e entrega do musicólogo, crego e profesor do que leva o nome.

O premio, que se convocará anualmente, sen dotación económica, consistirá nunha placa que deixe constancia do nomeamento, e será entregado nun acto público e solemne, no claustro da Catedral de Lugo, o último domingo do mes de outubro, inmediatamente

despois da celebración relixiosa do cabodano do P. Castiñeira, e antes da ofrenda que tradicionalmente se celebra na súa tumba.

O xurado que concederá o premio estará formado por representantes da entidade convocante, da familia Castiñeira, da S.I.C.B. e da Diocese de Lugo, podendo incorporar persoas de recoñecido prestixio da sociedade lucense e galega.

A este premio poden presentar propostas as asociacións culturais, entidades oficiais ou privadas, os particulares que o desexen, e os mesmos membros do Xurado, con exposición razoada dos méritos de cada candidato/a proposto/a, ata o próximo 15 de outubro, enviándoas ao correo info@orfeonlucense.com, ou entregándoas persoalmente nas oficinas do Pazo bispal de Lugo.



CATEDRAL DE LUGO



DIÓCESE
DE LUGO



JOSÉ CASTIÑEIRA PARDO

Aspai (Outeiro de Rei), 1928 - Lugo, 1989

Crego e musicólogo, estudou Latín e Humanidades no Seminario de Lugo, e Filosofía e Teoloxía en Roma e Lugo. Xa sacerdote, volve a Roma e licénciase en Teoloxía, e no Pontificio Istituto di Musica Sacra en Canto Gregoriano, Maxistratura en Harmonía, Composición e Dirección; e Bacharelato en Musicoloxía e Paleografía Gregoriana. Cos estudos compaxinou ser organista na Basílica de Montserrat, e membro da Cappella Musicale Pontificia, baixo a dirección de Lorenzo Perosi.

De volta en Lugo, é Prefecto de Música da Catedral e profesor de música do Seminario, vigorizando a Scholla Cantorum. Creou e dirixiu a Polifónica do Círculo das Artes, dirixiu a Polifónica de Lugo e durante dez anos foi Rector do Seminario de Lugo. Foi membro do Consello de Cultura da Diputación Provincial e creou a Escolanía que logo levaría o seu nome. Impartiu clases de música a

varias xeracións de lucenses, e gañou consideración e amizade de todos os que o coñeceron.

A súa obra musical, que se garda no Arquivo da Catedral de Lugo, destaca polo estilo actual, creando as primeiras obras litúrxicas en galego e as Misas para coro e pobo, tendo sido destacado arreglista e compositor profano. A cidade de Lugo lémbrao cunha avenida que leva o seu nome e un monolito no Parque Rosalía de Castro.

O Orfeón Lucense, Coro da Catedral lucense, creado en 1986 polo P. Castiñeira xuntando varias agrupacións que dirixía, é memoria viva do seu creador, e para honralo –Xunto coa Diocese, a Catedral de Lugo e a súa familia– convoca este Premio co seu nome para galardoar a persoas que se distingán no servizo á sociedade á que pertencen.